

# AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

## SERVIZO DE CITA

**Servizo de cita para a asistencia na confección de autoliquidacións do imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, compravenda de determinados medios de transporte usados entre particulares, modelo 620 e do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, modelo 600.**

V.20250411



## 1. CONDICIÓN E REQUISITOS DO SERVIZO

### A. En que consiste o servizo?

Trátase dun servizo prestado pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) para a confección de autoliquidacións do Imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, compravenda de determinados medios de transporte usados entre particulares, modelo 620 e do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, modelo 600.

Polo modelo 620 realizaranse as autoliquidacións pola transmisión de vehículos, barcos ou aeronaves usados cando o rendemento do imposto corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo modelo 600 realizaranse as autoliquidacións correspondentes aos seguintes feitos impositivos sempre e cando o rendemento do imposto corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia:

- Compravenda de inmobles de natureza urbana ou rústica (máximo 4 inmobles). Se no documento ou contrato da compravenda non figura a referencia catastral do inmovible é necesario achegar a copia do último recibo do IBI ou certificación catastral do inmovible.
- Compravenda de bens mobles (excepto vehículos, barcos ou aeronaves).
- Transmisión ou constitución de dereitos reais.
- Arrendamento de fincas urbanas ou rústicas.
- Préstamos entre particulares.
- Declaración de obra nova.
- Cancelación de hipoteca.

Quedan excluídas deste servizo as autoliquidacións complementarias.

### B. A quen se presta este servizo?

Exclusivamente ás persoas físicas (particulares) que teñan a consideración de obrigado tributario/suxeito pasivo do imposto. Se hai varios suxeitos pasivos pódense confeccionar as autoliquidacións de todos eles sempre e cando, compareza un deles e se achega a correspondente representación do resto.

O servizo non se ofrece a profesionais (colexiados, empresarios ou autónomos), tanto se actúan en nome de terceiras persoas en exercicio da súa actividade profesional, como se o fan en nome propio.

### C. Cando se presta o servizo?

Este servizo préstase en tanto non prescribise a obriga de presentar o imposto.

### D. Como se presta o servizo?

Para a prestación deste servizo é **imprescindible** cita que poderá solicitar na web <https://citaprevia.atriga.gal/>, en Cita web (asistencia confección 600 ou 620, segundo corresponda) ou nalgunha das delegacións nas que se presta o servizo.

Requírese unha cita por cada feito impositivo. Por exemplo, se hai dúas persoas que compran un inmovible confecciónanse as dúas autoliquidacións cunha única cita. No caso de permutas, dado que hai dúas compras distintas son necesarias dúas citas, unha por cada permuta.

Este servizo préstase:

#### • De xeito telefónico

Esta opción só é válida se se conta con medios informáticos que lle permitan achegar a documentación e recibir o modelo 600 ou 620 de autoliquidación xa cuberto. Ao solicitar a cita seleccione unha das Delegacións da Atriga, día e hora e remita a documentación (ver apartado 2).

Posteriormente un funcionario, no día e hora marcada, chamaralle dende o número de teléfono 881 955 999 para completar a confección do modelo 620. Realizaranse dous intentos de chamada por cita.

Unha vez confeccionado o modelo poderá descargalo (ver apartado 3), e terá que presentalo de xeito presencial en calquera oficina da Atriga. O pago poderase realizar en calquera das entidades colaboradoras, por xiro postal nas oficinas de Correos ou, no ámbito rural, a través dos carteiros rurais por medio de dispositivos PDA ou mediante tarxeta de débito ou crédito no TPV físico das



Delegacións de Atriga, se o importe da cota non excede de 3.000 € (as Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario e as de Distrito Hipotecario **NON teñen** TPV físico para realizar o pago nas oficinas).

- **De xeito presencial**

Este servizo préstase, **exclusivamente**, nas Delegacións de Atriga:

- A Coruña; Praza de Pontevedra, nº 22
- Lugo; Ronda da Muralla, nº 70
- Ourense; Calle Progreso, nº 38 entresollado
- Pontevedra; Avda. María Victoria Moreno, nº 43, 3ª
- Vigo; Calle Concepción Arenal, nº 8

NON se presta nas Oficinas de Distrito Hipotecario, nin nas Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario da provincia de A Coruña.

Deberá acudir ás Delegacións coa documentación que se sinala. Con todo, se conta con medios informáticos poderá remitila pola aplicación de Cita (ver apartado 2), pero o servizo prestarase exclusivamente de forma presencial.

O día da cita, unha vez confeccionado o modelo xa poderá pagalo na propia delegación, se conta con tarxeta de débito ou crédito e o importe é inferior a 3.000 €, sen necesidade de pedir nova cita.

## E. Que documentación debe presentarse?

### Modelo 600:

1. Documento no que consta o acto ou contrato gravado (se se trata de documento notarial, xudicial ou administrativo, copia auténtica, e se se trata de documento privado, o orixinal). Nese documento deberán constar os datos que identifican do/s transmitente/s e adquirente e unha relación detallada dos bens e dereitos adquiridos co valor que se lle atribúe a cada un deles.
2. No caso de bens inmoables, achegarase copia do último recibo do IBI (imposto sobre bens inmoables), ou no seu defecto, certificación catastral do inmoable. Non é necesaria a súa presentación cando a referencia catastral conste no documento ou contrato que recolle a operación.
3. No caso de solicitar algún beneficio fiscal, deberase achegar a documentación xustificativa ao respecto que se pode consultar no artigo 13 da Orde do 9 de decembro do 2020 da Consellería de Facenda e Administración Pública.

### Modelo 620:

1. Documento no que consten os datos que identifican ao transmisor e adquirente, a adquisición do medio de transporte usado, a súa identificación e descrición, así como o valor que se lle atribúe. Se se trata dun documento notarial, xudicial ou administrativo a súa copia auténtica, se é un documento privado, o orixinal.
2. Permiso de circulación.
3. Ficha técnica do vehículo.
4. No caso de transmisión de embarcacións, a copia da folla de asento no Rexistro de Embarcacións da Capitanía Marítima ou licenza de navegación.
5. No caso de solicitar algún beneficio fiscal, deberase achegar a documentación xustificativa ao respecto.

Comprobe que a documentación achegada é a correcta. A falta ou a presentación incorrecta da documentación impedirá a prestación do servizo.



## F. Natureza do servizo

O servizo de cita para a asistencia na confección de autoliquidacións da Axencia Tributaria de Galicia enmárcase nas actuacións de asistencia aos obrigados tributarios. Consiste na transcripción dos datos que achega o solicitante e na realización dos cálculos correspondentes, así como na asistencia na presentación e pago.

De acordo coa normativa aplicable, no caso de operacións sobre bens inmobles que teñan valor de referencia na data de devindicación do imposto, a asistencia realizarase aplicando como base imponible a maior das seguintes magnitudes: valor de referencia, valor declarado ou prezo ou contra-prestación pactada.

Hai que ter presente que a mesma Administración pode levar a cabo, posteriormente, as actuacións de comprobación ou investigación que considere oportunas en relación cos datos, os importes ou as cualificacións que contén a autoliquidación a partir da información proporcionada pola persoa interesada (ver artigo 77.4 do Real decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria).



## 2. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA A UNA CITA.

### A. En que consiste o servizo?

Este servizo le permite permítelle achegar a documentación necesaria para a realizar o trámite na cita, de forma áxil, evitando esperas innecesarias.

### B. Pasos para realizar a presentación de documentación

Para achegar documentación prema o botón **[Documentación Asociada]** que aparece no momento en que remata a solicitude de cita.

**Solicitar cita**

1. Datos persoais 2. Oficina 3. Trámite 4. Data e hora 5. Confirmación

**Enquisa de calidade sobre este servizo**

**Cita confirmada**

**Código de cita:** V8L

Oficina: Delegación A Coruña (Praza de Pontevedra, 22 - 15003 A Coruña)  
Trámite seleccionado: Asistencia na confección do modelo 620  
Data: 09/05/2023  
Hora: 09:00

**Datos persoais:**  
NIF:   
Nome:   
Correo electrónico:   
Teléfono móbil:   
Outro teléfono:

Cita presencial: Ao chegar á Oficina da Delegación da Atriga deberá validar a súa cita mostrando o Código QR na máquina que se atopa na entrada.  
Para axilizar os trámites e evitar esperas innecesarias, pode aportar a documentación necesaria detallada a continuación, a través do botón "Documentación asociada". En caso contrario, dita documentación deberá aportarse o día da cita:

1. Documento no que consta o acto ou contrato gravado (se se trata de documento notarial, xudicial ou administrativo, copia auténtica, e se se trata de documento privado, o orixinal dixitalizado). En dito documento deberán constar os datos identificativos do transmitente e adquirente, a identificación e descrición do vehículo ou embarcación transmitido así como o valor que se lle atribúe.
2. Permiso de circulación.
3. Ficha técnica do vehículo.
4. No caso de transmisión de embarcacións, a copia da folla de asento no Rexistro de Embarcacións da Capitanía Marítima ou licenza de navegación.
5. No caso de solicitar algún beneficio fiscal, deberase aportar a documentación xustificativa ao respecto.

**Documentación asociada**

Acabamos de enviarlle ao correo o xustificante de cita. Este contén a mesma información que está a ver.

**Inicio** **Solicitar outra cita** **Descargar Xustificante**



Ou, posteriormente, accedendo dende Cita a "Ver/modificar citas" ou a través do enlace enviado ao seu correo electrónico.

Código cita	Oficina	Trámite	Data	Hora	Accións
V8L	Delegación A Coruña	Asistencia na confección do modelo 620	09/05/2023	09:00	<a href="#">Modificar</a> <a href="#">Anular</a> <a href="#">Xustificante</a> <a href="#">Doc. Asociada</a>

## 2.1. Cubrir o formulario:

- Cubra os campos do formulario, os marcados con \* son obrigatorios, e prema o botón **[Seguinte]** para continuar:

**Presentación de documentación asociada a unha cita previa**

**Obrigado tributario**

RIF \*    Nome ou razón social \*    1º Apelido    2º Apelido    Teléfono ou móbil

Enderezo    **Código postal \***    **Provincia \***    **Comarca \***    Número    Letra    Escalón    Andar    Piso

**Identificación do imposto**

Imposto \*    Delegación \*

Transmisión de medios de transporte usado    A CORUÑA

**Motivo**

Motivo de existencia de dívida (máximo 250 caracteres)

**Datos para a notificación**


De seguintes datos permitirán confirmar a petición da axuda

Carras electrónicas \*    Contratación de correo electrónico \*

**Seguinte**



- Verifique o correo electrónico introducido na creación da cita. Para iso, debe premer o botón **[Aceptar]** e o sistema enviarlle un correo electrónico coas instrucións para poder continuar coa presentación da documentación:



## 2.2. Anexado:

- Introduza o código recibido no correo remitido no paso anterior e prema o botón **[Validar]** para poder continuar coa presentación da documentación:



Ten 24h para verificar o código antes de que caduque a súa validez. En caso de que o código caducase, o sistema enviarlle un novo código ao correo electrónico cando trate de retomar a presentación.



- Neste paso poderá anexar a documentación que desexe presentar no trámite. Para iso, seleccione o tipo de documento e, a continuación, prema o botón **[Anexar]**, amosarásele un diálogo que lle permitirá seleccionar o documento para achegar:

**Presentación de documentación asociada a unha cita previa**

1. IDENTIFICACIÓN 2. ANEXADO 3. SUBVINCULACIÓN DE FOLIOS

Para poder confeccionar a declaración do imposto é necesario que se aporte a seguinte documentación:

- Documento no que consta o acto ou contrato gravado (se se trata de documento notarial, xudicial ou administrativo, copia auténtica, e se se trata de documento privado, o orixinal dixitalizado). En dito documento deberán constar os datos identificativos do transmitente e adquirente, a identificación e descrición do vehículo ou embarcación transmitido así como o valor que se lle atribúa. ANEXARASE NO APARTADO: Documento feito imponible.
- Permiso de circulación. ANEXARASE NO APARTADO: Documentación vehículo usado.
- Ficha técnica do vehículo. ANEXARASE NO APARTADO: Documentación vehículo usado.
- No caso de transmisión de embarcacións, a copia da folla de asento no Rexistro de Embarcacións da Capitanía Marítima ou licenza de navegación, ANEXARASE NO APARTADO: Documentación vehículo usado.
- No caso de solicitar algún beneficio fiscal, deberase aportar a documentación xustificativa ao respecto. ANEXARASE NO APARTADO: Doc. Xustificativa beneficios fiscais.

**Anexar arquivo**

Tipo de documento  
Seleccione tipo

Documento 1

**Anexar**

**Archivos anexados á solicitude**

Nome de arquivo	Documento	Resumo electrónico de arquivo	Accións
Ningún dato dispoñible nesta táboa			

Sen rexistros que mostrar


Primeiro Anterior Seguinte Último

Mostrar 10 rexistros

**Anterior** **Presentar**

- Unha vez anexados os documentos, pódense descargar no seu equipo ou eliminar da táboa de anexos, se se subiron por erro, dende os botóns da columna "Accións" da táboa. Unha vez anexados todos os documentos, prema o botón **[Presentar]** para rematar a presentación:

**Archivos anexados á presentación**

Nome de arquivo	Documento	Resumo electrónico de arquivo	Accións
ident1.pdf	Documento identidade	f3a0ba9c5a8a28e097c92c675118805531a9bf3c	 
documentoAdicional.pdf	Documentación adicional	a97b97bdbad86fdb9141bc007da895e3f0fd9e2	 

Mostrando 1 - 3 de 3

Primeiro Anterior 1 Seguinte Último

Mostrar 10 rexistros

**Anterior** **Presentar**



### 2.3. Descarga de ficheiros:

- Se a presentación realizouse correctamente, poderá ver o estado da operación como "Presentada" e un resumo cos datos da operación. Ademais, poderá descargar o xustificante da operación realizada e ver os documentos anexados no paso anterior:

**Presentación de documentación asociada a unha cita previa**

1 COMPUNEN/PROCO 2 ANEXAR 3 DESCARGA DE FICHEIROS

**Datos da presentación**

Data	26/04/2023 18:40	Estado	Presentada
Obrigado tributario	[Redacted]	NIF	[Redacted]
Representante	[Redacted]	NIF	[Redacted]
Motivo	OVT WYS [Redacted] Presentación de documentación asociada a unha cita previa con número de cita [Redacted] - 28/04/2023 09:20		
Número de operación	[Redacted]		
Formulario da presentación	Descargar [Redacted] (78ca570c6d4e58a2a256ea9da6d90a341840d30d)		

**Arquivos anexados á presentación**

Nome de arquivo	Documento	Resumo electrónico de arquivo	Accións
ident1.pdf	Documento identidade	f3a0ba9c5a8a28e097c92c67518805531a9bf3c	[Download]
documentoAdicional.pdf	Documentación adicional	a97b97b9dbad86fdb91f41bc007da895e3f0fd9e2	[Download]

Mostrando 1 - 2 de 2

Primeiro Anterior 1 Seguinte Último

Mostrar 10 rexistros

Reabrir operación

### 2.4. Reabrir operación:

- En caso de que necesite anexar máis documentación despois da presentación, dende o botón **[Reabrir operación]** e premendo o botón **[Aceptar]** da xanela emerxente, pode volver ao paso 2 "Anexado" e achegar a documentación que falta.

**ATENCIÓN**

Vaise reabrir a operación, poderá anexar novos documentos pero non poderá modificar ningún dato da presentación. Pulse aceptar para continuar co proceso ou cancelar para pechar este aviso.

Cancelar Aceptar



- Poderá descargar a documentación anexada previamente e subir a documentación que falta ou eliminala, se se subiu por erro. Unha vez anexada a documentación que falta, terá que facer de novo a presentación para que se faga efectivo o cambio na operación:

Nome de arquivo	Documento	Resumo electrónico de arquivo	Accións
ident1.pdf	Documento identidade	f3a0ba9e5a8a28e097c92c675118805531a9bf3c	
documentoAdicional.pdf	Documentación adicional	a97b97bd9ad86fdb9141bc007da895e3f0fd9e2	
documentoVehiculoUsado.pdf	Documentación vehículo usado	a97b97bd9ad86fdb9141bc007da895e3f0fd9e2	

Mostrando 1 - 3 de 3

Primeiro Anterior 1 Seguinte Último

Mostrar 10 rexistros

Anterior Presentar

## 2.5. Retomar operación:

- En caso de que xa tivera unha operación pendente, e non validase aínda o código de verificación, o sistema pediralle que o introduza para validar o seu correo electrónico e poder continuar coa presentación:

**VERIFICACIÓN**

Por favor, comprobe o seu correo electrónico e introduza o código remitido. Se non o visualiza, revise a súa bandeja de correo non desexado e/ou spam. Prema [aquí](#) para reenviar de novo o correo electrónico.

Código de verificación

Validar

- Noutro caso, se a operación xa estivese iniciada ou finalizada, o sistema avisará de que xa existe unha operación cos datos da cita recibidos, e solicitará que introduza o código de verificación, para poder retomar ou consultar a operación:

**VERIFICACIÓN**

Atopouse unha operación para os datos da cita recibidos, por favor, introduza o código que lle foi remitido por correo electrónico para continuar ou consultar a operación. Se non o visualiza, revise a súa bandeja de correo non desexado e/ou spam. Prema [aquí](#) para reenviar de novo o correo electrónico.

Código de verificación

Validar



### 3. Descargar modelo de autoliquidación 600 ou 620

En caso de que o servizo se preste de xeito telefónico, cando o funcionario atende a cita e confeccionado o modelo de autoliquidación 600 ou 620, accedendo a "Ver/modificar citas" poderase descargar o modelo premendo o botón [Doc. Asociada].

Galego | Castelán

**LECA**

**Ver/modificar citas**

Código cita	Oficina	Trámite	Data	Hora	Accións
V8L	Delegación A Coruña	Asistencia na confección do modelo 620	09/05/2023	09:00	<a href="#">Modificar</a> <a href="#">Anular</a> <a href="#">Xustificante</a> <a href="#">Doc. Asociada</a>

**Presentación de documentación asociada a unha cita previa**

**3** DESCARGA DE FICHEIROS

**Datos da presentación**

Date	26/04/2023 18:40	Estado	Revisada/en trámite
Obrigado tributario	[Redacted]	NIF	[Redacted]
Representante	[Redacted]	NIF	[Redacted]
Motivo	OVT WYS [Redacted] Presentación de documentación asociada a unha cita previa con número de cita [Redacted] 28/04/2023 09:20		
Número de operación	[Redacted]		
Formulario da presentación	<a href="#">Descargar</a> (78ca570c6d4e58a2a256ea9da6d90a341840d30d)		

**Documentos relacionados á presentación**

Nome de arquivo	Documento	Resumo electrónico de arquivo	Accións
909A468302AD18757.PDF	Autoliquidación	456f0234d9f6cd1c3c218cabfd7b776e3b83bf66	<a href="#">↓</a>

Mostrando 1 - 1 de 1. [Primero](#) [Anterior](#) [1](#) [Seguinte](#) [Último](#) [Mostrar 10 rexistros](#)

**Arquivos anezados á presentación**

Nome de arquivo	Documento	Resumo electrónico de arquivo	Accións
ident.pdf	Documento identidade	f3a0ba9e5a8a28e097c92e675118805531a1b643c	<a href="#">↓</a>
documentoadicional.pdf	Documentación adicional	a97b97bdad98f1db91141bc0076a895e3b0c49e2	<a href="#">↓</a>

Mostrando 1 - 2 de 2. [Primero](#) [Anterior](#) [1](#) [Seguinte](#) [Último](#) [Mostrar 10 rexistros](#)